

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3371 *REAL DECRETO 238/2000, do 18 de febreiro, polo que se modifica a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo. («BOE» 43, do 19-2-2000.)*

O Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, harmonizada coa Directiva 79/112/CEE, do Consello, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios destinados ó consumidor final, a última modificación dos cales a constitúe a Directiva 97/4/CE.

A citada Directiva 79/112/CEE prevé no seu artigo 7, punto 4, a posibilidade de establecer excepcións á indicación da cantidade dun ingrediente na etiquetaxe dun produto alimenticio. Así mesmo, con base no punto 4, poden preverse excepcións en determinados produtos alimenticios ó método de cálculo da cantidade dos seus ingredientes.

De acordo con estas posibilidades, a Comisión adoptou a Directiva 1999/10/CE, do 8 de marzo, pola que se establecen excepcións ás disposicións do artigo 7 da Directiva 79/112/CEE, do Consello; a incorporación delas ó noso ordenamento interno lévase a cabo por este real decreto.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúen ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e a sanidade, respectivamente, e de conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na tramitación do procedemento levado a cabo para a aprobación deste real decreto déuselles audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e ós sectores afectados, e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu o seu informe preceptivo.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Economía e Facenda, de Industria e Enerxía e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de febreiro de 2000,

DISPÓNDO:

Artigo único. *Modificación do artigo 8 da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.*

Modifícase o artigo 8 da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, nos seguintes termos:

- Os puntos 3, 4 e 5 pasan a se-los puntos 4, 6 e 7.
- Incorpórase un novo punto 3, que ten a seguinte redacción:

«3. Os parágrafos a) e b) do punto 1 deste artigo non se aplicarán:

a) Cando as mencións “edulcorante(s)” ou “azucre(s) e edulcorante(s)” acompañen a denomi-

nación de venda dun produto alimenticio consonte o establecido no anexo IV.

b) Ás mencións relativas á incorporación de vitaminas e minerais, cando estas substancias figuren na etiquetaxe sobre propiedades nutritivas.»

- Incorpórase un novo punto 5, que ten a seguinte redacción:

«5. Con excepción ó principio establecido no punto 4 deste artigo aplicaráselle á indicación das cantidades de ingredientes o seguinte:

a) No caso dos produtos alimenticios que perdesen humidade como consecuencia dun tratamento térmico ou doutro tipo, a cantidade mencionada será a do ingrediente ou ingredientes utilizados, referida ó produto acabado; esta cantidade expresarase en porcentaxe.

Non obstante, se a cantidade dun ingrediente ou a cantidade total de tódolos ingredientes recollida no etiquetaxe é superior ó 100 por 100, en lugar da porcentaxe indícarase o peso do ingrediente ou ingredientes utilizados para preparar 100 gramos de produto acabado.

b) A cantidade de ingredientes volátiles indícarase en función da súa importancia ponderal no produto acabado.

A cantidade dos ingredientes utilizados en forma concentrada ou deshidratada e reconstituídos poderá expresarse en función da súa importancia ponderal antes da concentración ou deshidratación.

No caso de alimentos concentrados ou deshidratados ós que se lles teña que engadir auga, a cantidade dos ingredientes poderá expresarse en función da súa importancia ponderal no produto reconstituído.»

Disposición adicional única. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e ó abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúen ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e a sanidade, respectivamente.

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os produtos etiquetados con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto, e que non se adaptan ó disposto nel, poderán comercializarse ata que se esgoten as súas existencias.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O Vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ